

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

6239 Orde ARM/795/2011, do 31 de marzo, pola que se modifica o anexo III do Real decreto 679/2006, do 2 de xuño, polo que se regula a xestión dos aceites industriais usados.

O Real decreto 679/2006, do 2 de xuño, polo que se regula a xestión dos aceites industriais usados, recolle no anexo III os códigos de nomenclatura combinada que corresponden aos aceites incluídos no ámbito de aplicación do real decreto, establecidos no Regulamento (CEE) n.º 2658/87 do Consello, do 23 de xullo de 1987, relativo á nomenclatura arancelaria e estatística e ao arancel alfandegueiro común.

O Regulamento (CE) n.º 948/2009 da Comisión, do 30 de setembro, modifica o Regulamento (CEE) n.º 2658/87, do 23 de xullo, polo que desaparecen e se substitúen algúns dos códigos anteriores. En consecuencia, mediante esta orde modifícase o anexo III do Real decreto 679/2006, do 2 de xuño, co fin de adaptalo ao novo regulamento.

Esta orde dítase en virtude da facultade que a disposición derradeira segunda do Real decreto 679/2006, do 2 de xuño, outorga ao titular do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para modificar os seus anexos.

Na tramitación desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas do sector afectado, e emitiu informe o Consello Asesor de Medio Ambiente.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. Modificación do Real decreto 679/2006, do 2 de xuño, polo que se regula a xestión dos aceites industriais usados.

O anexo III do Real decreto 679/2006, do 2 de xuño, polo que se regula a xestión dos aceites industriais usados, substitúese polo anexo da presente orde.

Disposición derradeira. Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 31 de marzo de 2011. -A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, Rosa Aguilar Rivero.

«ANEXO III

Códigos da nomenclatura combinada (1) que corresponden aos aceites lubricantes de base mineral, sintética ou asimilada de orixe animal incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto, sen prexuízo doutros aceites lubricantes que igualmente estean incluídos, en aplicación do establecido no parágrafo segundo do artigo 2.a) deste real decreto

Códigos e as súas denominacións

Aceites lubricantes e os demais:

- | | |
|------------|---|
| 2710 19 71 | Aceites lubricantes e os demais que se destinen a un tratamento definido (2). |
| 2710 19 75 | Aceites lubricantes e os demais que se destinen a unha transformación química mediante un tratamento distinto dos definidos para a subpartida 2710 19 71 (2). |

- 2710 19 81 Aceites para motores, compresores e turbinas.
- 2710 19 83 Líquidos para transmisións hidráulicas.
- 2710 19 87 Aceites para engraxes.
- 2710 19 91 Aceites para a metalurxia, aceites de desmoldaxe, aceites anticorrosivos.
- 2710 19 93 Aceites para illamento eléctrico.
- 2710 19 99 Os demais aceites lubricantes e os demais.

Preparacións lubricantes que conteñan aceites de petróleo ou de mineral bituminoso:

- 3403 11 00 Preparacións para o tratamento de materias téxtiles, coiros e peles, peletaría ou outras materias.
- 3403 19 10 Cun contido de aceites de petróleo ou de material bituminoso superior ou igual ao 70% en peso, pero que non sexan os compoñentes básicos.
- 3403 19 90 As demais (substitúe os antigos 3403 19 91 e 3403 19 99 do Real decreto 679/2006).
- 3403 91 00 Preparacións para o tratamento de materias téxtiles, coiros e peles, peletaría ou outras materias.
- 3403 99 00 As demais (substitúe os antigos 3403 99 10 e 3403 99 90 do Real decreto 679/2006).

Aditivos para aceites lubricantes:

- 3811 21 00 Que conteñan aceites de petróleo ou de mineral bituminoso.
- 3811 29 00 Os demais.
- 3811 90 00 Os demais.
- 3819 00 00 Líquidos para freos hidráulicos e demais líquidos preparados para transmisións hidráulicas, sen aceites de petróleo nin de mineral bituminoso ou cun contido inferior ao 70% en peso dos ditos aceites.

(1) Fonte: Regulamento (CE) n.º 948/2009 da Comisión, do 30 de setembro de 2009, polo que se modifica o anexo I do Regulamento (CEE) n.º 2658/87 do Consello, do 23 de xullo de 1987, relativo á nomenclatura arancelaria e estatística e ao arancel alfandegueiro común.

(2) A inclusión nesta subpartida subordinarase ás condicións previstas nas disposicións comunitarias ditadas na materia [véxanse os artigos 291 a 300 do Regulamento (CEE) n.º 2454/93 da Comisión (DO L 253 do 11-10-1993, p. 1)].»